



ASOCIACIÓN de  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
MARIÑAS-BETANZOS  
Memoria anual 2019



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVIMENTO RURAL  
**MARIÑAS-BETANZOS**



Organización  
de las Naciones Unidas  
para la Educación,  
la Ciencia y la Cultura



Programa  
sobre el Hombre  
y la Biosfera

# ÍNDICE

Benvida a esta memoria!.....	4
Benvida á Reserva de Biosfera MCeTM! .....	5
A Asociación nunha ollada no ano 2019 .....	7
Así somos, coñecenos.....	8
Descobre a nosa historia .....	10
O noso modelo organizativo .....	11
Así traballamos .....	16
Así coidamos e valorizamos o noso territorio .....	21
Anexo I: Entidades asociadas, agrupadas sectorialmente .....	62
Anexo II: Proxectos apoiados pola Medida LEADER na Convocatoria 2019-2020.....	70
Resultados económicos.....	78

# Benvida a esta memoria!



# Benvida á Reserva de Biosfera MCeTM!

Esta Memoria pretende reflectir o traballo levado a cabo durante o ano 2019, destacando a xestión da Medida LEADER 2019-2020, e a posta en marcha de novos proxectos clave para iniciativas emprendedoras, a xeración de emprego e a creación de novos servizos á poboación.

Na convocatoria Leader (2019-2020) téñense executado máis de 24 proxectos, comprometendo máis de 633.461,81 euros, contando co visto bó e o apoio da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), da Consellería do Medio Rural.

Este ano 2019 ten servido para fortalecer e impulsar as iniciativas encamiñadas á mellora ambiental do territorio, como son os proxectos LIFE FLUVIAL para a mellora da xestión dos corredores fluviais en zona Natura 2000, e o proxecto Life Water Way, para a mellora do abastecemento de auga potable no Camiño de Santiago, destacando traballo coordinado coas entidades socias como a Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, EMALCSA, Augas de Galicia e o Concello de Abegondo, o Instituto Tecnolóxico de Galicia, e IBADER, entre outras.

Estamos a consolidar a Marca de Calidade da Reserva de Biosfera, como parte fundamentada estratexia alimentaria, e este esforzo tamén é recoñecido polo Ministerio para a Transición Ecolólica e a UNESCO, concedendo á nosa Reserva do premio Michel Battise. Destacar tamén o avance do Programa Eco-Comedores, chegando a 15 centros educativos e a máis de 2500 comensais.

A nosa experiencia como entidade xestora da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, a posta en marcha de diferentes iniciativas de desenvolvemento e mellora ambiental, e ser consideradas como unha das máis activas dentro da Rede Mundial de Reservas de Biosfera, levounos a participar en diferentes foros internacionais como o Congreso da Rede Mundial de Reservas de Biosfera Illas e Zonas Costeiras (Sudáfrica), organizar en colaboración coa Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña o Concello de Betanzos e o Ceida o I Foro de Xóvenes da Rede de Reservas de Biosfera Españolas.

A Asociación Mariñas-Betanzos ten organizado un ciclo de 6 encontros, nos meses de outubro e novembro, que levou por título “Outonos pola igualdade na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”. Esta iniciativa hai que enmarcala no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, como un primeiro paso en común para avanzar nunha Estratexia de Igualdade na Reserva de Biosfera.

Neste ano 2019 a Asociación Mariñas-Betanzos paso a ser a entidade Xestora do Xeodestino turístico, ademais de incorporarnos como destino SICTED, dentro da Secretaría de Estado de Turismo. Así mesmo, temos traballado na certificación dos primeiros 16 restaurantes “da Biosfera”, coñecedores do destino turístico e que promoven o consumo de produto local de tempada. Temos identificado liñas de colaboración co Concello de A Coruña no eido do turismo, ambiental e alimentario, que agardamos desenvolver durante o ano 2020.

Queda por diante moito traballo, e vai a ser clave para consolidar moitas das liñas de traballo iniciadas, como a estratexia de turismo sostenible no territorio e a xestión do xeodestino das Mariñas, en colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo, constituíndo unha verdadeira oportunidade para a consolidación deste proxecto común e conformando unha das Reservas de Biosfera más dinámicas do Estado.

Sinalar tamén o elevado compromiso do noso Comité Científico, formado por persoas de recoñecido prestixio científico e académico, e que están sempre dispostos a botar unha mán cando os necesitamos. Abordamos tamén para o ano 2020 traballar na mellora da xestión dos Montes Veciñais en Mán Común, pezas claves para a conservación da biodiversidade e a prestación de servizos ecosistemicos.

Finalmente, quixería animar a todas as persoas e entidades que están a traballar neste territorio, a que participen e colaboren coas súas achegas neste proxecto común que é a Reserva de Biosfera, ademais de agradecer o esforzo de quenes xa o están a facer. Recoñecer a implicación de todos os concellos que están axudando a facer posible co seu cofinanciamento moitos dos proxectos, así como a moitas entidades que están a sumar. E como non, gracias a esta Xunta Directiva pola súa adicación e compromiso co Territorio.

**José A. Santiso Miramontes**  
Presidente Asociación Mariñas-Betanzos  
Reserva Biosfera MCeTM

# A Asociación nunha ollada no ano 2019

**125** entidades asociadas

**17** concellos participantes na Asociación

**116.724** ha onde promovemos un desenvolvemento sustentable

**+190.700** persoas habitan no noso ámbito de actuación

**+ 370** alumnas e alumnos nas actividades formativas

**+ 720** persoas asistiron ás xornadas técnicas que organizamos

**+ 2600** alumnas e alumnos no Programa Eco-Ecomedores

**6150** persoas participaron nas actividades que levamos a cabo

**672** árbores plantadas

**+ 6778** persoas forman parte da nosa comunidade virtual

**8** persoas traballando na asociación

**Un equipo excepcional de entidades colaboradoras**



# Así somos, coñécenos



A **Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos”** constitúese en xullo do ano 2008 como Grupo de Desenvolvemento Rural. A asociación ten como ámbito de actuación preferente os dous concellos de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Curtis, Culleredo, Miño, Irixoa, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado.

## A NOSA VISIÓN

A valorización do territorio, incidindo na mellora da calidade de vida da poboación local a partires do noso patrimonio natural, cultural e do fomento da cohesión social

## A NOSA MISIÓN

Converternos no núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento integral do territorio de actuación.

## OS NOSOS PRINCIPIOS

Como entidade integrante da economía social, rexémonos por unha serie de principios de actuación:

**Primacía das persoas e do fin social sobre o capital**, que se concreta nunha xestión autónoma e transparente, democrática e participativa.

**Aplicación dos resultados obtidos** da actividade económica.

**Promoción da solidariedade interna e coa sociedade** que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sustentabilidade.

**Independencia respecto dos poderes públicos**

O **compromiso co territorio**, fronte ao despoboamento e ao envellecemento no medio rural galego, inxectando estabilidade e futuro.

**O fortalecemento da democracia institucional e económica**



# Descobre a nosa historia

**2008-2012**

Constitución da asociación e inicio da xestión do programa LEADER 2007-2013

**2009**

Coordinación proxecto cooperación "Rede de Espazos Ambientalmente Competitivos"

**2010**

Proxecto "Novos Horizontes" para a recuperación de variedades hortícolas locais

**2013**

**Declaración da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo**

**2014**

Deseño do Plan Alimentario da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e lanzamento

Proxecto Menús Escolares Ecológicos

**2015**

Premio Camiño de Santiago (Xunta de Galicia)

**2016**

Posta en marcha de dous viveiros para o emprendemento agroalimentario

Candidatura ao Programa LEADER 2014-2020

Adhesión á Unión Internacional para a Conservación da Natureza (IUCN)

**2017**

Declaración de Utilidade Pública da Asociación Mariñas-Betanzos

Incorporación ao Club de Produto Turístico Reservas de Biosfera Españolas

**2018**

Adhesión de 3 empresas á Marca da Rede Española de Reservas de Biosfera e 25 á Marca da Reserva de Biosfera MCeTM

Constitución da Rede Galega de Reservas de Biosfera

Inscrição no Rexistre Entidades Ambientais de Galicia

Celebración actos V Aniversario e primeiro Irmanamento con outra Reserva de Biosfera (Illa do Príncipe)

**2019**

Entidade xestora do Xeodestino turístico " A Coruña e as Mariñas" e SICTED

Acordo de colaboración coa Reserva Biosfera Illa da Palma

Reserva de Biosfera MCeTM primeiro destino de Ecoturismo de Galicia

Acreditacións do primeiro grupo de "Restaurantes da Biosfera"

Premio Michel Batisse da UNESCO

Celebración I Foro Xóvenes de Reservas de Biosfera de España

Alta como Entidade de Cooperación para o Desenvolvemento en maio do 2019

Alta como Entidade de Custodia do Territorio en Xaneiro do 2019

# O noso modelo organizativo

A **Asemblea Xeral** é o máximo órgano de decisión da Asociación, integrada por todas as entidades que forman parte dela. Estas entidades están organizadas en 10 mesas sectoriais, onde se pon en común a problemática do sector que representan, coa finalidade de establecer posibles actuacións de mellora e canalizando á **Xunta Directiva** aquellas suxestións, demandas, proxectos e iniciativas que o sector considere.

## MESAS SECTORIAIS

**Mesa das administracións públicas e sector público.**

**Mesa do sector institucional**

**Mesa do sector agrario, gandeiro, forestal e da madeira.**

**Mesa de asociacións de mulleres.**

**Mesa de asociacións culturais, deportivas, recreativas, de veciños e ANPAS.**

**Mesa de asociacións e colectivos medioambientais e mozos.**

**Mesa do sector de turismo e hostalería.**

**Mesa de asociacións de empresariado multisectorial, asociacións profesionais e artesanía.**

**Mesa da pesca, marisqueo, acuicultura e desenvolvemento do litoral.**

**Mesa de colectivos de acción social, discapacidade e ONGD.**

A **Xunta Directiva** da Asociación está formada polos representantes das entidades asociadas, organizadas segundo as Mesas Sectoriais

**José A. Santiso Miramontes** (Presidente/a. Mesa administracións públicas). Concello de Abegondo  
**Cesar Longo Queijo** (Vicepresidente. Mesa administracións públicas). Concello de Paderne  
**Catalina Rodríguez Rodríguez** (Secretaria. Mesa asociacións de mulleres). AMFAR Cambre  
**Aida Pérez Barredo** (Tesoureira. Mesa asoc. empresariado multisectorial, asoc. profesionais e artesanía). Asociación de Empresarios de Culleredo  
**Carlos Vales Vázquez** (Vogal. Mesa sector institucional). CEIDA  
**Patricia Amado Varela** (Vogal. Mesa administracións públicas). Concello de Arteixo  
**Alejandra Pérez Máquez** (Vogal. Mesa administracións públicas). Concello de Bergondo  
**Francisco Quintela Requeijo** (Vogal. Mesa administracións públicas). Concello de Coirós  
**Antonio Ángel Fraga Sánchez** (Vogal. Mesa administracións públicas). Concello de Curtis  
**Antonio Molinos Marcote** (Vogal. Mesa administracións públicas). Concello de Oleiros  
**Francisco Xosé Montouto Pérez** (Vogal. Mesa administracións públicas). Concello de Sada  
**José Domiro Garrote Martín** (Vogal. Mesa pesca, marisqueo, acuicultura e desenvolvemento do litoral). GALP Golfo Ártabro Sur  
**Juan Castro Insua** (Vogal. Mesa do sector agrario, gandeiro, forestal e da madeira). CMVMC de Monte Xalo  
**Benito García Sánchez** (Vogal. Mesa do sector agrario, gandeiro, forestal e da madeira). Asoc. Prov. Industrias Primeira Transformación da Madeira  
**Helena Martínez Cabrera** (Vogal. Mesa asoc. culturais, deportivas, recreativas, veciños e ANPAS). Asociación Roxín Roxal  
**José Francisco Castro Vilariño** (Vogal. Mesa asoc. culturais, deportivas, recreativas, veciños e ANPAS). Asociación Vedoeira.  
**Andrés Rodríguez Pereira** (Vogal. Mesa de asociacións e colectivos medioambientais e mozos). Grupo Naturalista Hábitat  
**Juan Manuel Neira Fernández** (Vogal. Mesa de asociacións e colectivos medioambientais e mozos). Sociedade Galega de Historia Natural  
**José Soto Martínez** (Vogal. Mesa do sector do turismo e hostelería). Asociación Turismo Sostible de A Coruña.  
**Sonia Ruiz Vargas** (Vogal. Mesa de colectivos de acción social, discapacidade e ONGD). ASPACE  
**Ramón Marcote Núñez** (Vogal. Mesa de colectivos de acción social, discapacidade e ONGD). ASPANAES

Un **33%** das persoas da Xunta Directiva son mulleres, fronte ao **67%** de homes. Un **38%** das persoas son representantes das administracións públicas, un **47%** representantes de todo tipo de asociacións (sectoriais, culturais, de veciños, de mulleres...), un **10%** representantes de colectivos de persoas con discapacidade e un **5%** de representantes de organismos institucionais non administracións.

## A NOSA ESTRUTURA DE PERSOAL

A nosa estrutura de traballo basease nun modelo participativo onde se traballa por proxectos, distribuíndo as tarefas en torno aos proxectos chave que abarcan a toda a asociación, cunha xerencia e un equipo técnico, que da contas á xunta directiva e ao seu presidente.

*Jorge M. Blanco Ballón. Xerencia*

*Concepción Bonome González. Técnico Proxectos LEADER*

*Miguel Fernández Pardo. Técnico LIFE FLUVIAL*

*Ignacio García Presedo. Técnico Grupos Operativos*

*Manuel Giménez Solla. Técnico Innovación Agroforestal*


*Diego López Pedreira. Técnico Ambiental e Turismo.*

*Diego Miranda Barrós. Técnico Emprendemento e Formación LEADER*

*Mónica Rodríguez Pérez. Administración*

*A Asociación creou unha estrutura de goberno para a formulación, desenvolvemento e avaliación da estratexia, liñas de acción e programas da Reserva de Biosfera e, así, garantir o cumprimento dos obxectivos do Programa MaB da UNESCO.*

## A ESTRUTURA DE GOBERNO DA RdB



## O NOSO TRABALLO

O noso traballo basease na **metodoloxía LEADER** centrada en tres pilares básicos: o Territorio e os seus recursos, a Estratexia local e a Participación da poboación, tendo oito principios básicos:

1. Enfoque ascendente.
2. Estratexia territorial de desenvolvemento adaptada á nosa realidade.
3. Principio de colaboración público-privada
4. Actuacións integradas e multisectoriais.
5. Animación e impulso á innovación.
6. Cooperación dentro do territorio e con outros territorios.
7. Conexión en redes.
8. Equipo técnico a disposición do proceso de desenvolvemento do territorio



# Así traballamos




A Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” (MCeTM) céñtrase en fomentar o **aproveitamento sostible** dos recursos endóxenos, así como a conservación do patrimonio natural e cultural que identifica a este territorio, permitindo a mellora da calidade de vida da poboación local.

Para conseguilo, desde a Asociación impulsamos a definición do **Plan de Xestión da Reserva de Biosfera MCeTM (2013-2022)** que é a folla de ruta do noso modelo de actuación.

Este plan é a ferramenta para o desenvolvemento sustentable da Reserva de Biosfera. Estrutúrase en cinco liñas de acción:

- A. XESTIÓN ADAPTATIVA, COMUNICACIÓN E COOPERACIÓN.
- B. ENTORNO SOCIOECONÓMICO, EMPREGO E CAMBIO CLIMÁTICO.
- C. SOSTIBILIDADE DO MEDIO RURAL E DO MEDIO MARIÑO, PRODUCÍONS E SERVIZOS.
- D. CIENCIA E DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES.
- E. CONSERVACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E PATRIMONIAIS.




Para a execución das diferentes accións, temos en conta a perspectiva dos nosos **grupos de interese**:



\*Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación

Ademais, a asociación como organización con entidade xurídica propia, conta cuns protocolos de actuación para minimizar os nosos impactos ambientais e sociais.



## 2.1. IMPACTO ECONÓMICO: Impulsamos a economía local

Dende a Asociación impulsamos a contratación de empresas que estean comprometidas co territorio. A organización conta cun **protocolo de contratación** na que sempre, mediante o procedemento de negociado, pídense 3 orzamentos. As valoracións fanse en función dos criterios de **competitividade, en termos de prezo, tempo e calidade**.

## 2.2. IMPACTO AMBIENTAL: Coidamos a contorna

A Asociación conta cun local cedido polo Concello de Abegondo, onde desenvolvemos as nosas actividades. Esta é unha localización provisional pendente de traslado a un novo local onde as instalacións estean adaptadas á minimización de impactos ambientais (iluminación de baixo consumo, sistemas de calefacción más eficientes..etc.). Aínda así, sempre tratando de mellorar o noso desempeño, desenvolvemos as seguintes accións:

- **Campañas de sensibilización sobre o consumo de auga a través de mensaxes a favor do aforro en todos os puntos de toma de auga das nosas instalacións.**
- **Aforro de enerxía calorífica a través da instalación de radiadores de baixo consumo.**
- **Papel reciclado.**
- **Fomento da Administración Electrónica.**

## 2.3. IMPACTO SOCIAL: Contribuímos a un mundo mellor

### **Emprego Xuvenil**

A nosa aposta polo fomento do emprego xuvenil materialízase a través da firma de convenios de cooperación con entidades educativas para que poida o alumnado realizar prácticas con nós. Estes centros son o **CEIDA**, a **Escola de Finanzas**, a **Escola de Turismo** da Universidade de A Coruña ou a Universidade de Santiago de Compostela.

**Loxística solidaria** Somos colaboradores da Fundación SEUR a través dos seus programas de loxística solidaria. Para elo recollemos os tapóns de plástico que son enviados á Fundación para a súa xestión e reinvestimento nos seus programas de axuda á infancia máis desfavorecida.

Así coidamos e  
valorizamos o noso  
territorio




**As Reservas de Biosfera (RdB) son territorios preocupados por innovar e amosar que é posible compaxinar a conservación ambiental e o desenvolvemento socioeconómico sostible.**

A Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” abarca un total de 116.724 ha (113.969,7 ha terrestres e 2.754,6 ha mariñas), que representa o 14,33% da superficie da provincia de A Coruña, repartidas en 17 concellos. Con esta superficie, é a segunda Reserva de Biosfera galega por orde de superficie, sendo a primeira da provincia de A Coruña, e a de maior poboación de España.

O noso modelo de traballo baséase no **Plan de Xestión 2013-2022**, que foi elaborado contando coa participación dos principais axentes do territorio e das entidades que participan na xestión e que teñen competencias na Reserva de Biosfera. A **visión** deste Plan céntrase en **fomentar a conservación do patrimonio natural e cultural** que identifica ao noso territorio, a través da compatibilización dos **usos e aproveitamentos sustentables da poboación local**, que permita a **mellora da calidade de vida dun modo sustentable**.

Ademais o noso Plan de Xestión é a base para construír **o proceso participativo de deseño e elaboración da Estratexia Leader 2014-2020** para o territorio Mariñas Betanzos. Neste proceso constituímos diferentes mesas sectoriais nas que estarán representadas todas as nosas entidades asociadas. Con este enfoque participativo e colaborativo queremos conseguir unha estratexia de futuro integradora para o noso territorio.



### 3.1. XESTIÓN, COMUNICACIÓN E COOPERACIÓN

ACCIÓN	LOGROS 2019
<i>Funcionamento dos órganos de xestión</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reunión Consello de Dirección o 7 de febreiro de 2019</li> </ul>
<i>Estratexia de comunicación da RdB</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Potenciación das redes sociais e renovación da web</li> <li>• Medios comunicación</li> <li>• Elaboración de material divulgativo da Reserva de Biosfera</li> </ul>
<i>Impulsar accións e compromisos de cooperación</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cooperación coa Reserva de Biosfera da Illa de La Palma</li> <li>• Cooperación coa Reserva de Biosfera Illa do Príncipe</li> <li>• I Foro de Xoves da Rede Española de Reservas de Biosfera</li> <li>• Outonos pola Igualdade</li> <li>• Evento Leader (A Estrada)</li> <li>• Congreso Mundial da Rede de Reservas de Biosfera en Illas e Zonas Costeiras</li> <li>• Outonos pola Igualdade</li> <li>• Proxecto "Ruritage"</li> <li>• VI Certame debuxo "Vida Silvestre Encoro Abegondo-Cecebre"</li> <li>• Encontro da Rede Española de Desenvolvemento Rural</li> <li>• Xornada "Por un mar de vida e oportunidades"</li> </ul>



## A NOSA COMUNICACIÓN CO ENTORNO

A principal canle de comunicación co entorno é a nosa [páxina web](#), que contou cunha media de **3.249 visitas** durante o 2019. Nesta web, xunto coas redes sociais, tamén nos facemos eco das novidades e actividades doutras entidades públicas e privadas da Reserva de Biosfera.

The screenshot shows the header of the website with the logo 'MARÍNASES E TERRAS DO MANDEO Reserva da Biosfera'. Below the header are three news cards. The first card is titled 'A RESERVA DE BIOSFERA "MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO" NO FORO EUROPEO RURITAGE' and includes a photo of red bell peppers. The second card is titled 'III EDICIÓN XOGO ESCOLAR "A Auga non para" O reto de acompañar a auga no seu ciclo' and features a blue ball icon. The third card is titled 'Os ecocomededores, con produtos ecolóxicos de temporada' and shows a person standing next to a table with vegetables.

[www.marinasbetanzos.gal](http://www.marinasbetanzos.gal)

### REDES SOCIAIS

Ademais contamos con presenza en diferentes redes sociais porque queremos estar atentos ás demandas que xorden na nosa contorna, tendo un espazo específico para poder falar cos diferentes axentes sociais cos que interactuamos.



**4.121 seguidores**



**1.292 seguidores**



**1.365 seguidores**

## SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN

Entre as principais liñas de traballo desenvoltas pola Asociación están as dirixidas á sensibilización e divulgación sobre aspectos clave dunha Reserva, abertos a toda a cidadanía. Consideramos que esta é unha labor primordial xa que permite dar a coñecer os problemas socio-ecolóxicos e promover a acción da cidadanía a este respecto. Dentro destas actividades salientamos:

A elaboración de materiais didácticos para a educación ambiental:

**Moldes de niños da Reserva de Biosfera de vespa Asiática para charlas sobre especies invasoras.**



**Hotel de insectos e diferentes tipos de caixa niño.**



**Libro Educando na Biosfera na súa edición no Concello de Sada**



**Libros e Caderno de actividades**

**“A auga non para” editados por Emalcsa**



## Accións e compromisos de cooperación a nivel rexional e autonómico:

Destacar a colaboración mantida co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) no desenvolvemento das seguintes xornadas, organizadas polo CEIDA:

### Actividade didáctica. Maio 2019.

Esta actividade didáctica pretende dar a coñecer as abellas silvestres e convidar a observar e recoñecer estos insectos, a través dos rastros que indican a súa presenza. Inclúe unha pequena charla introductoria e un roteiro interpretativo guiado polos xardíns da Illa de Santa Cruz.


### Actividade de voluntariado ambiental para familias, nenos/as e xóvenes. Xuño 2019.

Celebración do Día Mundial do Medio Ambiente na Tribuna Pública, da Fundación Luis Seoane. Xuño 2019.

Con motivo do VI Aniversario da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo un concerto do Quinteto Cimarrón na Sala de Exposicións do CEIDA. Xuño 2019.

Emilia Pardo Bazán, unha muller adiantada á súa época: I Xornada Mulleres Relevantes na Reserva de Biosfera MCeTM. Setembro 2019

O 10 de outubro tivo lugar o II encontro internacional Foro Humboldt na Coruña, que ten como obxectivo continuar co estudo da figura de Alexander Von Humboldt e a súa novedosa visión da natureza.



**Podemos destacar a colaboración activa con outras organizacións, co obxectivo de promover a mellora do patrimonio natural e cultural:**

<p>Somos membros de:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Rede Española de Reservas de Biosfera.</li><li>• Grupo de Traballo de Economía Social, da Rede Española de Rdb.</li><li>• Rede Mundial de Illas e Zonas Costeiras.</li><li>• Rede IberoMaB.</li><li>• Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN).</li><li>• Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia.</li><li>• Rede Galega de Reservas de Biosfera.</li><li>• Asociación Española de Ecoturismo</li></ul>	<p>Cooperación co <b>Grupo Naturalista Hábitat</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Especie do Ano.</li><li>• Maratón ornitolóxica.</li></ul> 	<p>Fundación <b>Fragas do Mandeo</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Semana da Custodia do territorio.</li></ul> 
---	---	---

## I FORO DE XÓVENES EN RESERVAS DE BIOSFERA ESPAÑOLAS

Temos participado na organización e desenvolvemento do **I Foro de Xóvenes en Reservas de Biosfera Españolas**, durante o mes de outubro de 2019, celebrado na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

No ano 2018 celebrouse o I Foro de Xóvenes da Rede de Reservas de Biosfera de Iberoamérica e o Caribe (IberoMAB) en Ecuador, coa participación de representantes da Rede Española de Reservas de Biosfera, onde se decide a celebración do I Foro de Xóvenes da Rede Española de Reservas de Biosfera.



Neste evento, celebrado nas Nariñas Coruñesas e Terras do Mandeo os días 23, 24 e 25 de outubro participaron 39

persoas mozas procedentes de 29 Reservas de Biosfera españolas, cos obxectivos de:

- Elaborar unha Declaración da Xuventude das Reservas de Biosfera españolas.
- Fomentar o coñecemento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e como poden contribuir as Reservas de Biosfera a acadalos.
- Aumentar a participación da xuventude nas Reservas de Biosfera españolas.
- Construir e reforzar as canles de comunicación coa xuventude.
- Empoderar á xuventude.



## Acordo de irmanamento coa Reserva de Biosfera de La Palma



En marzo do 2019, tivemos o acto de sinatura do acordo de irmanamento coa Reserva Mundial de Biosfera de La Palma, no que estiveron presentes o Presidente e o Xestor da Reserva de Biosfera de La Palma, a Conselleira de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, o Secretario do Comité Español do Programa MaB da UNESCO, así como os representantes da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Posteriormente tivemos unha reunión para avaliar posibles liñas de cooperación, fixando o turismo sustentable como unha das liñas de traballo na que colaborar.

## CONGRESO MUNDIAL DA REDE DE RESERVAS DE BIOSFERA EN ILLAS E ZONAS COSTEIRAS

Temos participado no **Congreso Mundial de Reservas da Biosfera Illas e Zonas Costeiras**, celebrado entre o 16 e 29 de setembro do 2019 en Sudáfrica, asistindo Carlos Vales en representación da nosa reserva de Biosfera convidado desde Parques Nacionais.

Debatiuse sobre temas de máxima relevancia no ámbito

Rede: turismo, vectores ambientais (enerxía, auga e residuos), cambio climático, xestión da biodiversidade, resiliencia e restauración de ecosistemas, poboación e desenvolvemento local e xestión do medio mariño.

Acordouse crear un grupo de traballo en España para potenciar os intercambios e unha estratexia conjunta de colaboración.



## II ENCONTRO LEADER GALICIA 2019

A Asociación Mariñas-Betanzos estivo presente no **II Encontro LEADER de Galicia**, celebrado o 11 de setembro no concello de A Estrada (Pontevedra).

Este evento, organizado por Agader e a Asociación de GDRs de Galicia, ten servido para dar a coñecer proxectos innovadores e de emprendemento no rural en Galicia, sendo un punto de encontro das entidades vinculadas ao Leader.



## OUTONOS POLA IGUALDADE

A Asociación Mariñas-Betanzos ten organizado un ciclo de 6 encontros, nos meses de outubro e novembro, que levou por título **“Outonos pola igualdade na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”**. Esta iniciativa hai que enmarcala no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero a través da Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia

Os obxectivos desta iniciativa eran sensibilizar sobre o papel da muller rural; identificar os grandes retos para a igualdade de xénero no século XXI no medio rural, e iniciar unha nova liña de traballo para os vindeiros anos dirixida á posta en marcha dun Plan de Igualdade para a Reserva de Biosfera.

Desenvolvéronse diferentes encontros para debater e falar sobre o papel da muller nos diferentes ámbitos ou sectores, así como identificar os principais retos ou liñas de traballo para acadar un papel activo e de igualdade da muller:

- “A muller na xestión do monte”.  
( Concello de Culleredo)
- “As mulleres do mar”.  
( Concello de Sada)
- “Emprender en femenino”.  
(Concello de Bergondo)
- “A muller nun mundo rural vivo”. ( Concello de Aranga)
- “Violencia de xénero: visibilizando unha realidade”.  
(Concello de Miño)
- “As mulleres do arte, dinamizadoras do medio rural”  
(Concello de Sobrado)

Nestes encontros participaron máis de **150 persoas**.



## AS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO VISITADAS POLO PRESIDENTE DO GOBERNO DEILLA DO PRÍNCIPE (RESERVA DE BIOSFERA)

O presidente da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, José Antonio Santiso Miramontes, recibiu en marzo, ao presidente do goberno da Illa do Príncipe -pertencente á República Democrática de San Tomé e Príncipe-, Dº José Cassandra, e á Conselleira de Medio Ambiente, Dª Ana Alice Pina, en representación da Reserva de Biosfera da Illa do Príncipe. O obxectivo do encontro foi coñecer a experiencia do Concello de Abegondo na implementación de solucións de abastecemento e saneamento, desenvoltas como parte do programa Life 'Rural Supplies' e ver a posibilidade de cooperar entre as dúas Reservas de Biosfera.

Como parte do encontro, visitaron a traída da Malata en Abegondo e a depuradora de Cullergondo e analizaron a viabilidade de trasladar estos sistemas á Illa do Príncipe.



## PROXECTO UNESCO "RURITAGE"

A Reserva de Biosfera MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO foi seleccionado como uns dos 10 territorios piloto en Europa desde a UNESCO para replicar as aprendizaxes e aprender das boas prácticas desenvoltas no proxecto HORIZONTE 2020 "RURITAGE" (Posta en valor do patrimonio para o rexurdir do rural).

O equipo de selección de RURITAGE resaltou da nosa Reserva da Biosfera os logros actuais e a visión para a comunidade no futuro. Por iso acordaron convidarnos a ser un dos 10 replicadores adicionais de RURITAGE, coa oportunidade de aprender dos Modelos de desenvolvemento, de acceder a unha ampla gama de ferramentas e coñecementos para desenvolver plans de rexeneración liderados polo patrimonio. Isto permitirá implementar posteriormente estratexias adaptadas ao territorio rural e aumentar a nosa visibilidade.



A Reserva de Biosfera tamén participou o 29 de novembro no I Foro Europeo Ruritage, que se celebrou en Italia, onde expuxo a súa experiencia innovadora na promoción de circuitos locais de alimentación.

Web: <https://www.ruritage.eu/>

## VI CERTAME DE DEBUXO “VIDA SILVESTRE DO ENCORO DE ABEGONDO-CECEBRE”

A vida silvestre do Encoro de Cecebre quedou retratada polos pinceis dos participantes da 6ª edición do certame Debuxo da Natureza, organizado por EMALCSA e o [Grupo Naturalista Hábitat](#) coa colaboración da Reserva de Biosfera. A entrega de premios tivo lugar o 15 de febreiro.

A mostra, composta por 194 obras, estivo exposta na Casa da Agua de A Coruña.



## “MARIDAR” I ENCONTRO DE PRODUTORES DO MAR E DA TERRA

En Outubro celebrouse no espazo multiusos do paseo marítimo do Burgo, no Concello de Culleredo.

O evento [“Maridar”](#), que forma parte dun dos proxectos do GALP Golfo Ártabro Sur, organizado por FAE As Mariñas. A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo compartiu stand co GALP Golfo Ártabro Sur.



## MERCADO ALIMENTARIO DE INDITEX.

As Camposeiras, Daterra, Lola Puñales - Jabones artesanos, Asociación Raíña Paraíso e Ecotonio Educación Ambiental, participaron no mes de outubro no Mercado Alimentario organizado pola empresa téxtil Inditex nas súas instalacións.



## CON MOTIVO DO SEXTO ANIVERSARIO DA RESERVA DE BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

O colectivo [Retoque Retro](#) creou esta obra de arte con plástico e lixo, co obxectivo de concienciar sobre a contaminación das nosas costas.



## XORNADA "POR UN MAR DE VIDA E OPORTUNIDADES"

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur organizou o venres 30 de agosto, no salón de plenos do Concello de Sada o seminario "Por un Mar de vida e oportunidades".

A xornada, que conta coa colaboración do Concello de Sada e da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, dividiuse en tres bloques temáticos diferentes organismos e empresas.



O primeiro bloque, *Coñecementos e retos para a redución e eliminación dos plásticos mariños*, contou coa presenza de poñentes do Centro Tecnológico del Mar -Fundación CETMAR e do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia -Intecmar-. Neste apartado, o obxectivo era que as institucións convidadas puidesen achegar a súa experiencia sobre a redución de lixo mariño.

*Os residuos e plásticos mariños como unha oportunidade para o emprendemento* centraron o segundo apartado temático. Ecoembes e as redeiras de Corme explicaron ao público asistente como se lle pode dar unha segunda vida ao lixo mariño para convertelo nunha oportunidade. As redeiras de Corme recollen, entre outros materiais, boias e restos de redes para elaborar bolsos, colares e, en xeral, todo tipo de artesanía.



Por último, o terceiro bloque contou cunha *Mesa de experiencias* na que interviron Mar de Fábula, Nauga e Agua sin huella, sobre como reducir o lixo mariño.

## ENCONTRO DA REDE ESPAÑOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (REDR)

O presidente da Reserva de Biosfera, José Antonio Santiso Miramontes, participou en outubro nas xornadas sobre o futuro da Medida "Leader" en Ibiza. Alí lle acompañou o vicepresidente da Asociación Mariñas-Betanzos, César Longo. Estas xornadas, organizadas pola Rede Española de Desenvolvemento Rural (REDR) levan por título "Qué Leader queremos para el futuro". A cita estivo enfocada a dinamizar todos os Grupos de Acción Local a nivel nacional, e entre todos constituir unha proposta do papel futuro ante os retos que se presentan no período 2021-2027.



## 3.2. ENTORNO SOCIOECONÓMICO, EMPREGO E CAMBIO CLIMÁTICO

ACCIÓN	LOGROS 2019
<i>Emprego verde</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Laboratorio de Cooperativismo no Rural, para a formación e asesoramento na posta en marcha de obradoiros de transformación agroalimentaria.</li> <li>• Curso de Compostaxe en Uxes (Arteixo)</li> <li>• Programa Eco-Bios</li> <li>• Medida Leader e Coworking</li> </ul>
<i>Adaptación ao cambio climático e a súa mitigación</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xornada sobre o Clima e a Enerxía</li> <li>• Xornada Deseño dunha arquitectura ambiental e climática para o Plan Estratéxico da PAC 2021-2027 adapta ao rural galego</li> <li>• Cumio de Acción Climática da ONU</li> <li>• Participación na COOP-25</li> <li>• Curso CENEAM-CEIDA para Xestores das Reservas de Biosfera</li> </ul>



## FOMENTAMOS O EMPRENDEMENTO NO ÁMBITO DA TRANSFORMACIÓN ALIMENTARIA

Ao longo do 2019, a Asociación Mariñas-Betanzos desenvolveu o **Laboratorio de Cooperativismo no Rural**, contando co apoio da Xunta de Galicia, e dirixido a animar a posta en marcha de iniciativas emprendedoras no ámbito da Reserva de Biosfera MCeTM.

As actividades estiveron estruturadas nos seguintes bloques: identificación de oportunidades de emprendemento; formación e maduración de proxectos; acompañamento técnico e asesoramento persoalizado.

Nesta actividade participaron **6 persoas demandantes de emprego**, interesadas na posta en marcha dunha cooperativa para a transformación agroalimentaria.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

## CURSO DE COMPOSTAXE

A Asociación Mariñas-Betanzos desenvolveu un Curso sobre Compostaxe, en Uxes (concello de Arteixo), no que teñen participado máis de **20 persoas**.

Este curso tivo unha duración de 35 horas, dándose a coñecer o proceso de elaboración do compost para o seu emprego nas hortas ecológicas.



## ECOBIOS: PROMOVENDO OS EMPREGOS VERDES NA RESERVA DE BIOSFERA

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo ten participado no proxecto “**ECOBIOS. Reservas de Biosfera polos produtos eco**”, xunto coas Reservas de Biosfera Río Eco, Oscos e Terras de Burón (Asturias) e Monfragüe (Extremadura), provido pola consultora Sinerxia.



A través deste proxecto **formouse a 114 persoas desempregadas** destas tres Reservas de Biosfera co obxectivo de capacitalas no ámbito da producción, distribución e venta de produtos ecolóxicos.

## O COWORKING, UNHA OPORTUNIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E SOCIAL

A Asociación Mariñas-Betanzos participou en xaneiro do ano 2019 no Seminario “Coworking, unha oportunidade para o desenvolvemento territorial e social”, organizado pola Rede Rural Nacional en Olot (Girona).

Desde a Asociación Mariñas-Betanzos se está promovendo o coworking como unha nova forma de traballar que posibilita a xeración de novas oportunidades ocupacionais e económicas para as persoas no ámbito rural.



## A RESERVA, NA XORNADA SOBRE O CLIMA E ENERXÍA

O 19 de noviembre, desenvolveuse unha xornada de presentación e seguimento do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, realizada en Vila Concepción (Cambre).

O acto, que estivo organizado por la Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático. Os municipios adheridos ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía asumen a redución de un 40% das emisións de CO2 de aquí o ano 2030.



## DESEÑO DUNHA ARQUITECTURA AMBIENTAL E CLIMÁTICA PARA O PLAN ESTRATÉXICO DA PAC 2021-2027 ADAPTADA AO RURAL GALEGO

Destacar a colaboración mantida co Centro de Investigación agraria de Mabegondo (CIAM) no desenvolvemento desta xornada en novembro.

The document cover features the logo of Xacobeo 2021 Galicia. The title is "DESEÑO DUNHA ARQUITECTURA AMBIENTAL E CLIMÁTICA PARA O PLAN ESTRATÉXICO DA PAC 2021-2027 ADAPTADA AO RURAL GALEGO". Below it is "CENTRO DE INVESTIGACIÓN AGRARIA DE MABEGONDO (CIAM)" and the date "22 DE NOVEMBRO do 2019". Logos for Hidro, CIDAES, and the Ministry of Agriculture are at the bottom. A small note in the top right corner reads: "ESTE DOCUMENTO ESTÁ DIRIGIDO A LOS AGRICULTORES Y AGRICULTORAS DE GALICIA. SE PUEDE DESCARGAR EN EL SITIO WEB DE CIAM: [ciam.xunta.gal](http://ciam.xunta.gal)".

### DESTINATARIOS:

- Personas destinatarias que collaboran no seguimento do Plan de Desenvolvemento Rural.
- Colaboradores que participan activamente no proxecto ou melloradores rurais para asistir os obxectivos establecidos no seu proxecto.
- Establecementos ou entidades que ofrecen formación profesional de性质 agraria.
- Asociacións e entidades que promoven a súa formación e melloramento, así como a súa cooperación con outras producións da agricultura, a gandaría, a pesca e a silvicultura que ademais se dedican a outros sectores.

### INSCRICIÓN:

Clique en <http://ciam.xunta.gal> para inscribirse.

Envío de correo electrónico ao correo electrónico [juan.demandas@xunta.gal](mailto:juan.demandas@xunta.gal).

Dato límite de inscripción: 20 de Novembro do 2019.

Plazo: 2019-08-08

Nótese que só se va a informar se asistencia por correo electrónico, para a respo-

na no momento. Cuanto se avise das inscripciones é porque están incluídas no informe.

UNIDADE ORGANIZADORA:

CIAM Centro de Investigación Agraria de Mabegondo  
Estado: AL-que-Responde a Mabegondo, Galicia, España  
Ctra. San Tomé de Mabegondo, Abegondo, 6691 A Coruña

COLABORAN:  
Organización Mundial de la Salud, Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Y de las organizaciones para el manejo de los ecosistemas de conservación y de información en agricultura, que conforman do Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

## A RESERVA DE BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO NO I CUMIO DE ACCIÓN CLIMÁTICA DA ONU SOBRE MEDIO AMBIENTE

Rodrigo López Piquin, acudiu á New York ao I Cumio de Acción Climática da ONU Medio Ambiente en representación da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Na xuntanza tomaron parte 50 delegados do Programa MaB de UNESCO. Deles tres son españoles Leire Aguirreaz Kenaga Onaindia, da Reserva de la Biosfera de Urdaibai, Alex Cortada Salas, Reserva de Biosfera da Menorca e Rodrigo López, da Reserva de Biosfera MCeTM.

O trío español, na foto xunto a Peter Dogsé (Co-Chair/Executive Secretariat/UNESCO Task Team on Climate Change), está a participar nas reunións para preparar os diferentes eventos que acolle a sede da ONU na cidade norteamericana. Illusión, enerxía e ánimo caracteriza, aos tres representantes españoles nesta cumbre de acción climática.



## PARTICIPACIÓN NA COOP-25

Rodrigo López Piquín fue elegido por la Unesco para participar en la Primera Cumbre de la Juventud sobre Acción Climática de la ONU, está presente también en la Cumbre del Clima que se desarrolla en Madrid, en la que participó Greta Thunberg, y en la sesión de ayer, en la que 23 jóvenes de varios países tenían que exponer proyectos dentro del Pacto Verde Europeo, logró que su defensa del Plan Alimentario de la Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo fuese una de las tres elegidas para presentarla ante el vicepresidente de la Comisión Europea, Frans Timmermans.



## "METODOLOGÍAS PARA A AVALIACIÓN DE SERVIZOS AMBIENTAIS NAS RRBB"


Este curso dado no mes de xunio foi dedicado a que os participantes das diferentes Reservas da Biosfera representadas, no curso contan ao resto de participantes os aspectos máis característicos dos seus Reservas. Coa descripción dos servizos identificados no seu Reserva e a situación da avaliación (oportunidades e ameazas). De entre os xestores e técnicos asistentes, seleccionaranse casos prácticos de Reservas da Biosfera de España que desenvolvesen experiencias exitosas ilustrativas sobre avaliación de servizos dos ecosistemas.

**Participaron mais de 50 persoas.**



### 3.3. SUSTENTABILIDADE DO MEDIO RURAL, PRODUCIÓN E SERVIZOS

ACCIÓN	LOGROS 2019
<i>Fomento de prácticas agrogandeiras sustentables</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promoción dunha agricultura sustentable</li> <li>• Proxecto Eco-Comedores escolares</li> <li>• Aconsellamento técnico, e xornadas técnicas</li> <li>• G.O. redución antibióticos gando porcino)</li> </ul>
<i>Fomento de prácticas forestais sustentables</i>	Fomento dos aproveitamentos alternativos do monte
<i>Fomento de produtos de calidad</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Eventos de promoción das producións agroalimentarias</li> <li>• Declaración de 5 empresas adheridas a Marca da Rede Española de RBs</li> <li>• 30 empresas adheridas á Marca de calidade da Reserva de Biosfera MCeTM</li> <li>• Premio Michel Batisse</li> <li>• Turismo sustentable</li> </ul>



## PROMOVEMOS A AGRICULTURA SUSTENTABLE

Unha das principais liñas de traballo da Asociación Mariñas-Betanzos é o impulso á agricultura sustentable e o apoio ás producións locais.

Temos colaborado na organización de diferentes actividades de difusión:

### Festa Pan de Carral. Maio 2019.

Se colabora co Concello de Carral para o desenvolvemento desta actividade, co obxectivo de exaltar e promocionar o pan de Carral.

Contou coa asistencia de 4.900 persoas.



### Mostra Branco Lexítimo. Xullo 2019

O Concello de Paderne organizou a Mostra de Branco Lexítimo, actividade coa que colaboramos, mellorando o coñecemento sobre esta variedade autóctona de viño.

Asistencia de 2.500 persoas.



### Feira Cebola Chata de Miño. Agosto 2019

Colaboramos co Concello de Miño para a organización deste evento, dirixido a promocionar a Cebola Chata de Miño.

Asistencia de 3.400 persoas.



### MOSTRA DE PRODUTOS DAS MARIÑAS,

que xa vai pola VII edición, e que ten lugar no concello de Betanzos.

Asistencia de 8.500 persoas.



## PROGRAMA ECO-COMEDORES NA RESERVA DE BIOSFERA

Co obxectivo de avanzar nunha agricultura sustentable, a comercialización das producións agroalimentarias nas canles curtas, e apostando pola alimentación saudable dos máis pequenos, hai que destacar os avances do proxecto "Ecocomedores" con **menús ecolóxicos en colexios**.

O fomento dos menús ecolóxicos nos centros escolares tense convertido nunha canle onde comercializar producións ecológicas da Reserva de Biosfera.

O proxecto ten servido para poñer de acordo aos agricultores locais cos distintos colexios interesados en incorporarse ao Programa, o que ten permitido que planifiquen as súas producións e as comercialicen en conxunto, aforrando tempo e garantindo uns prezos fixos.

Desenvolvemos actividades formativas, dirixidas aos centros educativos, persoal de cociña e produtores da Reserva de Biosfera, co obxectivo de facilitar a coordinación entre os diferentes axentes e sensibilizar sobre os produtos de temporada e o deseño dos menús escolares.

Na actualidade existen **seis produtores e quince centros educativos**, chegando a un alumnado de **2.600 persoas**.



# PROMOVEMOS A INNOVACIÓN RURAL COMO ESTRATEXIA DE FUTURO E CALIDADE DE VIDA

*Reducción da adición de antibióticos na dieta de animais de porcino en ciclo industrial.*

Este proxecto conta co apoio da Xunta de Galicia e do FEADER, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, mediante o programa de axudas para a execución de proxectos dos Grupos Operativos da Asociación Europea de Innovación.



Este proxecto promovido pola Asociación Mariñas-Betanzos, responde á necesidade de deseñar unha estratexia para a adaptación do sistema de producción de porcino en ciclo industrial fronte ás esixencias legais, orientadas a reducir o uso de antibióticos na alimentación animal.



Entre as actuacións levadas a cabo este ano 2019, hai que destacar:

- Monitoreo dos procesos de manexo nas granxas.
- Seguimento do estado sanitario dos animais.
- Análise das mostras biolóxicas e de penso para a verificación de ausencia de antibióticos.
- Análise das mostras das canais.



FEADER:  
Europa inviste no rural

Este proxecto lévase a cabo en 4 explotacións de gando porcino, pertencentes á Cooperativa Coporc SCG, con sede en Culleredo.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



centro tecnológico da carne



## ACONSELLAMENTO A PRODUTORES

A Asociación Mariñas-Betanzos, desde o 2014, está inscrita no Rexistro de Entidades con Servizos de Aconsellamento de Galicia (RESAXEGA).

Entre as actividades desenvoltas podemos sinalar algunas, como a formulación de proxectos técnicos á mocidade interesada en incorporarse e/ou explotacións que deciden ampliar:



Desde o ano 2014 lévase prestado aconsellamento técnico a **máis de 40 explotacións** agrarias.

## MELLORANDO A XESTIÓN DAS EXPLOTACIÓN SAGRARIAS

A Asociación Mariñas-Betanzos desenvolveu **80 horas** de formación aos produtores e produtoras ecológicos da Reserva de Biosfera.

Os contidos desse curso foron a planificación de cultivos, manexo da biodiversidade, manexo do solo e fertilización, elaboración de plans de empresa, así como a xestión técnico económica das explotacións



Neste curso participaron **10 explotacións agrarias**.



## MARCA DE CALIDADE NA RESERVA DE BIOSFERA MCeTM

Neste ano 2019 tense impulsado o traballo para a posta en marcha da Marca de Calidade ligada á Reserva de Biosfera no turismo.

Estaban en funcionamento os pregos de horta, viños, lácteos, marmeladas e plantas aromáticas, estando en fase de implantación cervexa artesá, mel, lúpulo e pan.

No ano 2019 fíxose un esforzo na promoción da Marca e dos produtos amparados, asistindo a eventos de referencia como son Madrid Fusión, Forum Gastronómico de A Coruña ou Gala Saborea España, entre outros.

A finais do ano 2019 xa contabamos con **30 empresas adheridas** á Marca da Reserva de Biosfera MCeTM, e **5 empresas adheridas** á **Marca da Rede Española de Reservas de Biosfera**.

Ás empresas adheridas entregóuselles material promocional: bolsas reutilizables, bolsas de papel, dípticos, etiquetas e placas distintivas, ademais de elaborar a Guía Agroalimentaria da Reserva de Biosfera.

Web:

<http://marcabiosfera.marinasbetanzos.gal/>



RESERVA DE BIOSFERA  
guía agroalimentaria



## PREMIO MICHEL BATISSE DA UNESCO

A UNESCO ten recoñecido á Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas co premio Michel Batisse, a principal distinción a nivel mundial polo seu Plan Alimentario.

A UNESCO seleccionou o Plan Alimentario da Reserva de Biosfera pola súa aportación á xeración de emprego, á promoción da biodiversidade e á loita contra o cambio climático.

Este galardón creouse no ano 1989 para recoñecer proxectos innovadores das Reservas de Biosfera de todo o mundo.



## A RESERVA DE BIOSFERA: DESTINO DE TURISMO SUSTENTABLE

Desde comezos do ano 2019 a Asociación Mariñas-Betanzos é a **entidade xestora do Xeodestino “A Coruña e As Mariñas”**, en colaboración coa Xunta de Galicia.

Ademais, xestionamos o **destino SICTED Mariñas Coruñesas**, metodoloxía mediante a cal estamos a implantar a Marca de Calidade da Reserva de Biosfera no sector turístico.

Este ano 2019 fixemos as avaliacións para certificar ao primeiro grupo de **Restaurantes da Biosfera**, aqueles restaurantes que cumpren unha serie de requisitos relacionados coa calidade e profesionalización, instalacións e servizos, boa xestión ambiental, utilización de



materias primas do territorio e, tamén, implicados coa formación ofrecida pola Reserva de Biosfera e coa mellora continua dos seus establecementos.

Froito do traballo co sector, constituíuse no ano 2019 a **Asociación de Ecoturismo da Reserva de Biosfera**, formada por empresariado do sector turístico e na que se mellorou notablemente a colaboración público-privada e a participación na planificación turística da área.

Este ano 2019 tamén se ten posto en marcha a **Mesa de Calidade do Destino Turístico**, mesa de bo goberno entre axentes clave do territorio que traballan nesta material.

Por outra banda, tamén se está impulsando a creación da Comunidade Slow Food Mariñas Coruñesas, permitindo mellorar o posicionamento e proxección internacional das empresas de restauración adheridas á Marca.

A Asociación Mariñas-Betanzos está integrada desde o ano 2018 na Asociación Eau & Lumiere, recoñecéndose a **Ruta do Impresionismo do pintor Francisco Lloréns**, como Itinerario Cultural Europeo sobre o Impresionismo, aprobada polo Consello Europeo.

Tamén, desde do ano 2019, a Asociación Mariñas-Betanzos tense adherido ao **Club de Ecoturismo en España**, presentándose como unha oportunidade para o posicionamento do destino, así como das empresas turísticas do territorio.

Por outra banda, a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo presentou en novembro no Congreso Nacional de Ecoturismo en Guadix (Granada) os seus avances na Marca de Calidade da Reserva de Biosfera e os traballos realizados para a certificación do primeiro grupo de Restaurantes da Biosfera, baixo a metodoloxía do SICTED.



### 3.4. CIENCIA E DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES (2013-2018)

ACCIÓN	LOGROS 2019
<i>Utilizar a Reserva como lugar de investigación e fonte de aprendizaxe</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Especie do Ano.</li><li>• Maratón Ornitolóxica</li><li>• Semana da Custodia</li><li>• Concurso escolar “A Auga non Para!”</li><li>• Celebración do Día da Rede Natura 2000</li><li>• Open Science Cambre</li><li>• Concurso A Auga Non Para</li></ul>



## ESPECIE DO ANO 2019 NA RESERVA DE BIOSFERA

Como especie do ano 2019 na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas foi declarada o Mexilón de río (*Margaritifera margaritifera*).



No mes de outubro, celebrouse na *Aula da Natureza Juan Lembeje de O Burgo (Culleredo)* unha xornada sobre esta especie, na que teñen participado **30 persoas**.

Trátase de actualizar o coñecemento sobre a distribución desta especie, ademais de realizar unha aproximación á súa presenza histórica na Reserva, así como as principais ameazas existentes e estratexias para a súa recuperación e conservación.

Nesta xornada non soamente coñecimos polo miúdo a Náiade, protagonista neste 2019, senón tamén as súas interaccións con outras especies necesarias para a súa supervivencia, así como diversos e interesantes estudos e programas levados a cabo para a súa conservación.



Web: <https://gnhabitat.org/margaritifera-margaritifera/>

## MARATÓN ORNITOLÓXICA NA RESERVA DE BIOSFERA

No mes de xuño celebrouse a VI Maratón Ornitolóxica da RdB MCeTM, organizada xunto ao Grupo Naturalista Hábitat e multitude de entidades colaboradoras.

Na **xornada formativa** sobre ornitoloxía, participaron **27 persoas**, e ten servido para introducir aos asistentes no mundo da ornitoloxía e dar a coñocer as aves presentes nesta Reserva de Biosfera.



A Maratón Ornitolóxica consistiu en identificar por equipos o maior número posibles de especies de aves silvestres, na que contamos con **30 participantes** e se avistaron **100 especies**.

## VIII SEMANA DA CUSTODIA DO TERRITORIO

Co obxectivo de fomentar as iniciativas de protección do territorio a través da Custodia, a Asociación Mariñas-Betanzos, xunto coa Fundación Fragas do Mandeo, organizou a **VIII Semana da Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas**.

Entre as actividades levadas a cabo, podemos destacar:

Seminario “**Citas coa extinción da fauna mariñana**”, celebrado no Liceo de Betanzos, onde falaron diferentes expertos e investigadores sobre o galápago europeo, a salamandra rabilonga, ou o escribano palustre. Neste seminario participaron más de **30 persoas**.

**Xornada de voluntariado para a eliminación de invasoras no río Mandeo.** Nesta xornada celebrada no lugar de Chelo (Coirós) retiráronse **207 kg de biomasa** (*Tradescantia fluminensis*) e participaron **16 persoas** voluntarias.

**Eco-regata na ría de Betanzos.** Desenvolveuse na zona de marisma próxima á ribeira de Souto (Paderne). As **40 persoas** voluntarias que participaron conseguiron retirar **7.000 kg de lixo**.

**Xornada de voluntariado no río Lambre.** O obxectivo desta xornada era retirar todo o lixo e localizar especies exóticas invasoras nunha zona do tramo medio do río Lambre. Nesta xornada participaron **18 persoas** voluntarias, recollendo lixo nun tramo de 2,5 km, retirando más de **225 kg**.

A Semana de Custodia do Territorio ten a dobre finalidade de que as persoas interesadas poidan informarse y formarse asistindo á xornada de conferencias e de permitirllles colaborar en actuacións que melloren o estado dos nosos espazos naturais. Un ano máis, cumpriu os seus obxectivos, **coa participación de 78 persoas**.



## A RESERVA DE BIOSFERA MceTM CELEBRA O DÍA DA REDE NATURA 2000

Como celebración do Día Europeo da Rede Natura 2000 o día 21 de maio, dende a Reserva de Biosfera programouse unha actividade divulgativa na Zona Especial de Conservación (ZEC) Betanzos-Mandeo. Dentro das actuacións a desenvolver, a sensibilización e concienciación ás comunidades escolares ocupa un lugar prioritario. Así, no marco de LIFE FLUVIAL, **125 escolares** en total de 5º de primaria do CEIP Vales Villamarín (Betanzos) tiveron a ocasión de visitar o Pazo de Mariñán, recibiron un taller formativo sobre aves autóctonas e elaboración de caixas niño así como de identificación de flora exótica invasora. A esta actividade acudiu o Presidente da Reserva de Biosfera; José Antonio Santiso Miramontes, a Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e Presidenta de Augas de Galicia; Ethel Vázquez, Alcaldesa de Bergondo (anfitrióna do lugar visitado dentro da ZEC Betanzos-Mandeo), Alejandra Máquez, a Alcaldesa de Betanzos, María Barral e o Concelleiro de Formación e Emprego de Betanzos, Diego Fernández.



## OPEN SCIENCE, CAMBRE

En setembro do 2019 tivo lugar a feira OPEN SCIENCE en Cambre, contando co apoio da Asociación Mariñas-Betanzos.

Unha das formas más divertidas de adentrarse no mundo da ciencia e a través do xogo, a demostración e os experimentos curtos. O Clube de Ciencia "XenTD100cia" en colaboración co Concello de Cambre ten organizado esta feira da ciencia.

Asistiron arredor de **2.500 persoas**, fundamentalmente escolares.



## CONCURSO “A AUGA NON PARA”

Este xogo interactivo axuda a comprender mellor o papel da auga na vida e en todo o que a rodea. O concurso escolar “A Auga non Para!”, posto en marcha con EMALCSA, é unha ferramenta didáctica sobre o valioso que resulta este recurso e que axuda a identificar valores sociais, ambientais, culturais e económicos relacionados coa auga, dun modo ameno e atractivo.

Neste concurso participaron **13 centros educativos** da Coruña e a súa área metropolitana, dirixido ao alumnado de 5º e 6º de Educación de Primaria.

Tanto entre o alumnado como por parte do profesorado tense conseguido espertar inquedanzas e fixar coñecementos acerca do uso sostible da auga a través dun xogo, que fai partícipe a todos os escolares da clase, e o más importante, que lles permite desfrutar aprendendo.

Participaron **824 persoas**.

Nesta edición, tamén se elaborou un **libro e caderno de actividades** “A auga non para”, coa finalidade de proporcionar ao profesorado ferramentas complementarias para aumentar a concienciación entre o alumnado sobre o uso responsable da auga e o coidado do medio ambiente.


### GRAN FINAL DO XOGO

O 23 de maio tivo lugar a gran final de “A Auga non Para”, o equipo gañador foi O CEIP Rosalía de Castro de A Coruña.



### 3.5. CONSERVACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E PATRIMONIAIS

ACCIÓN	LOGROS 2019
<i>Mantemento, restauración e recuperación dos hábitats e especies</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LIFE FLUVIAL</li> <li>• LIFE WATER WAY</li> <li>• Apoio na elaboración do Plan de Conservación ENIL Ribeiras do Barcés en Abegondo.</li> <li>• Deseño paso de Lontras (cambre) na ZEC Abegondo de Cecebre.</li> <li>• Mais de 4000 nenos participaron no programa “Educando na Biosfera”.</li> <li>• Apoio ás Comunidades de Montes.</li> </ul>



## LIFE+ FLUVIAL

O obxectivo do proxecto LIFE FLUVIAL é a **mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000**. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostenible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas de España e Portugal.

A Asociación Mariñas-Betanzos participa neste proxecto, xunto con outros socios europeos, e durante o ano 2019 téñense desenvolto as seguintes actuacións:

- **Traballo preparatorio** durante este ano definíronse as actuacións a desenvolver nas ZEC Betanzos-Mandeo e ZEC Abegondo-Cecebre, elaborando os correspondentes proxectos que serán acometidos durante o ano 2020.
- **Libro infantil**. Editáronse 2.000 exemplares do libro “Os Bolechas van polo río”.
- Elaborouse unha **exposición itinerante** sobre o proxecto.
- Deseñáronse e realizáronse **materiais promocionais** para a difusión do proxecto.

Desenvolvéronse máis de **30 obradoiros escolares** co obxectivo de dar a coñecer o proxecto e sensibilizar aos escolares sobre o ciclo da auga e a súa importancia no medio ambiente, así como o cambio climático e como os corredores fluviais poden contribuír á súa mitigación.

Web: <http://www.lifefluvial.eu/es>



## LIFE+ WATER WAY: MELLORANDO O ABASTECEMENTO DE AUGA NO CAMIÑO INGLÉS



A Asociación Mariñas-Betanzos tamén participa no proxecto LIFE+ WATER WAY, e que ten como finalidade principal a de **dotar de abastecemento de auga potable ao tramo do Camiño de Santiago denominado Camiño Inglés**, que ten a súa orixe en A Coruña e Ferrol, como exemplo de sendas e itinerarios culturais europeos.

Grazas ao Programa Life desenvólvese este proxecto que vai a permitir recuperar fontes naturais ao longo do Camiño Inglés, como solución de micro-abastecemento en áreas onde non chegan as redes centralizadas de augas de consumo.

No ano 2019 desenvolvéronse as seguintes actuacións:

- Deseño das fontes a instalar.
- Formulación do regulamento e norma técnica da marca de calidad para as “fontes e auga do Camiño”. Normativa a seguir para conseguir a homoxeneidade das fontes e da calidad de auga do servizo.
- Difusión do proxecto.
- Creación da rede piloto de fontes e revisión de localización e instalación: 28 fontes en total, das que 12 se atopan na Reserva de Biosfera (Abegondo 3, Betanzos 2, Cambre 1, Carral 2, Culleredo 1, Paderne 1, Miño 2)

Web: <https://lifewaterway.eu/>



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE



Deputación  
DA CORUÑA



## PROGRAMA “EDUCANDO NA BIOSFERA- CULLEREDO”

O Concello de Culleredo, no marco do Programa Educa Culleredo, ten realizado unha apostase firme pola educación ambiental e concretamente no desenvolvemento do Programa “Educando na Biosfera”, contando coa a Asociación Mariñas-Betanzos para a súa execución.



Os obxectivo deste Programa é promover os valores e recursos do territorio, mellorando a sensibilización ambiental da comunidade escolar.



No marco do **Programa de Educación Ambiental 2019**, no concello de Culleredo, téñense desenvolto actividades sobre as seguintes temáticas “Hortos urbanos”, “Especie do ano e outras Especies de interese na Reserva de Biosfera”, “As plantas medicinais”, “A poesía das árbores” e outras temáticas más locais como “O Monte Xalo”.



En total desenvolvéronse **20 obradoiros** nos centros educativos, así como **8 saídas a campo**,



Nestas actividades teñen participado arredor de **900 nenos de 7 a 12 anos**.

## PROGRAMA “EDUCANDO NA BIOSFERA-SADA”

Desde o Concello de Sada, por terceiro ano consecutivo, tense desenvolto o Programa “Educando na Biosfera”.

Este programa enfócase dende a perspectiva do fomento das boas prácticas no eido social e ambiental con respecto ás diferentes temáticas tratadas.

O desenvolvemento destas actividades teñen como obxectivo final a sensibilización e concienciación ambiental, a partir do impulso da participación da mocidade.

No marco do **Programa de Educación Ambiental 2019** téñense desenvolto actividades sobre as seguintes temáticas “Os incendios forestais: causas e prevención”, “Usos tradicionais das plantas”, “Cambio climático e seguimento fenolóxico”, “Especies invasoras. Problemática e control”, “Coidado e boas prácticas cos animais”, “O ciclo de auga na Coruña e a súa área metropolitana”, e outras temáticas más locais como “As Brañas de Sada”.

En total desenvolvéronse **35 obradoiros** nos centros educativos, así como **7 saídas a campo** e 1 gala final na Casa de Cultura Pintor Lloréns (Sada).

Nestas actividades teñen participado **arredor de 1.000 escolares de 6 a 17 anos.**



## PROGRAMA “EDUCANDO NA BIOSFERA-ABEGONDO”

Durante o ano 2019 desenvolveuse a primeira edición do Programa “Educando na Biosfera” no concello de Abegondo.

Este programa pivota no fomento das boas prácticas no eido social e ambiental con respecto ás diferentes temáticas traballadas.

No marco do **Programa de Educación Ambiental 2019** téñense desenvolto visitas guiadas interpretativas polo Monumento Natural e Zona Núcleo da R.B. Costa de Dexo- Serantes, visitas ao alumnado polo Castelo de Santa Cruz, o Museo das Mariñas e o Casco Histórico de Betanzos, así como actividades sobre a Ruta do Impresionismo das Mariñas, declarado como Itinerario Cultural Europeo polo Consello de Europa; talleres sobre “Usos Tradicionais das Plantas” e diversos Obradoiros de Xabonería Artesanal.



En total desenvolvéronse **15 horas de formación teórico/práctica, más as saídas interpretativas** para dar a coñecer o patrimonio material e inmaterial da Reserva de Biosfera.

Nestas actividades teñen participado **arredor de 200 escolares de 5 a 11 anos.**



**CONCELLO DE  
ABEGONDO**

## PROGRAMA “EDUCANDO NA BIOSFERA-BETANZOS”

No ano 2019, o Concello de Betanzos implantou o Programa “Educando na Biosfera” no CEIP Francisco Vales Vilamarín, contando co deseño e execución da Reserva de Biosfera, tendo un carácter especial por ser o ano da celebración do 800 Aniversario do traslado da cidade de Betanzos ata o seu actual emprazamento. De aí, que a historia e tradicións deste Concello estivera moi presente durante todo o Programa.

No marco do **Programa de Educación Ambiental 2019** téñense desenvolto diferentes actividades como “Descubre Betanzos”, “Coñece o río Mandeo”, visitas guiadas ao Pazo de Mariñán, talleres de biodiversidade, avistamento de aves na ría de Betanzos, así como dar a coñecer o programa europeo no que participa a Reserva de Biosfera “Life Fluvial”.

En total desenvolvéronse **15 horas de formación xunto coas saídas formativas**. Neste ano, participaron alumnado de 5º e 6º de Primaria deste centro educativo.

En total, teñen participado directamente **arredor de 250 escolares**.



Concello de Betanzos



## CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN AMBIENTAL NO CONCELLO DE CURTIS

O Concello de Curtis, realizou unha **Campaña de Educación Ambiental** no ano 2019, tras a presentación dunha proposta para o seu desenvolvemento ás axudas para Concellos da Rede Galega de Reservas de Biosfera.



Realizouse nos CEIP de Curtis, CEIP de Teixeiro e IES de Curtis. En total, máis de **585 rapaces** e rapazas se beneficiaron directamente deste Programa cunha duración de 30 horas.



No marco desta formación, téñense desenvolto diferentes actividades como "Agricultura Ecolólica, Alimentación Saudable e Marca da R.B.", "O cambio climático e o Programa de Seguimento Fenolóxico", así como "O Ciclo da Auga".



Tamén, se realizaron talleres de elaboración caixas niño e de xabonería artesanal, visitas guiadas ao Pazo de Mariñán, ademais de visitas polo Centro Etnográfico de Teixeiro, Chelo, a ETAP da Telva, Castelo de Santa Cruz, Mosteiro de Sobrado, e roteiros interpretativos por algúns dos ríos más singulares da Reserva de Biosfera.



## CELEBRACIÓN DO SEXTO ANIVERSARIO DA RESERVA DE BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo celebrou en xuño os actos conmemorativos. O Concello de Betanzos – Betanzos foi o municipio que acolleu nesta ocasión a celebración, que reuniu a numerosos expertos no medio ambiente e representantes de todas as administracións.

Os actos comenzaron cunha conferencia a cargo de Aquilino

Miguélez, xestor da Reserva de la Biosfera de Lanzarote, que serviu para dar a coñecer o traballo dun territorio co que As Mariñas está a traballar de xeito conxunto. Logo, no cinema Alfonsetti, chegou o acto central, de carácter institucional.



O Presidente da Reserva de Biosfera ea Alcaldesa de Betanzos agradeceron a presencia das persoas convidadas como poñentes:

- Marta Rey, directora da Cátedra INDITEX-UDC de Sostibilidade defendeu que a sustentabilidade non está rifada coa competitividade, poñendo de exemplo os logros das Mariñas Coruñesas no seu por agora ciclo curto de vida.
- Programa Escolar “Educando na Biosfera” tivo o seu oco no acto. Alejandro Sánchez, director do CEIP Vales Villamarín, explicou o traballo que se está desenvolvendo cos nenos. Pola súa banda, Antonio San Blas, xestor da Reserva Mundial de la Biosfera LA PALMA, coa que está irmandada As Mariñas, avogou pola colaboración entre reservas como factor diferencial para o seu avance.
- Francisco Cantos, Xefe de Área de Relacións Internacionais e Reservas de Biosfera do Organismo Estatal Parques Nacionales, fixo fincapé no premio Michel Batisse que a Unesco lle acaba de conceder polo plan alimentario e destacou a importancia de poder presentalo en París para que sirva “de escaparate e de exemplo” para outros territorios.
- En representación da Xunta de Galicia acudiu Cristina Carrión, xefa territorial de Medio Ambiente.


## APOIO ÁS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Desde a Asociación Mariñas-Betanzos se está apoiando o deseño e desenvolvemento de proxectos para a mellora ambiental e da xestión dos Montes Viciñais en Man Común.

Neste sentido, desde a Asociación Mariñas-Betanzos se está colaborando coa Comunidade de Montes Viciñais en Man Común de San Antón (Irixoa) co obxectivo de mellorar ambiental e paisaxisticamente o **Monte das Moas** para o uso da veciñanza.

Con este proxecto se impulsa a mellora ambiental e paisaxística eliminando especies alóctonas e exóticas invasoras, ademais da plantación de frondosas caducifolias e froiteiras, así como incorporando equipamento.

Se quere avanzar na mellora conxunta de todas as Comunidades de Montes do territorio no vindeiro ano 2020.



# Anexo I: Entidades asociadas, agrupadas sectorialmente

## MESA SECTORIAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAS E SECTOR PÚBLICO

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
12	CONCELLO DE ABEGONDO	ABEGONDO	ADMINISTRACIÓN LOCAS
18	CONCELLO DE ARANGA	ARANGA	ADMINISTRACIÓN LOCAS
21	CONCELLO DE ARTEIXO	ARTEIXO	ADMINISTRACIÓN LOCAS
26	CONCELLO DE BERGONDO	BERGONDO	ADMINISTRACIÓN LOCAS
32	CONCELLO DE BETANZOS	BETANZOS	ADMINISTRACIÓN LOCAS
41	CONCELLO DE CAMBRE	CAMBRE	ADMINISTRACIÓN LOCAS
48	CONCELLO DE CARRAL	CARRAL	ADMINISTRACIÓN LOCAS
54	CONCELLO DE COIRÓS	COIROS	ADMINISTRACIÓN LOCAS
56	CONCELLO DE CULLEREDO	CULLEREDO	ADMINISTRACIÓN LOCAS
66	CONCELLO DE IRIXOA	IRIXOA	ADMINISTRACIÓN LOCAS
69	CONCELLO DE MIÑO	MIÑO	ADMINISTRACIÓN LOCAS
73	CONCELLO DE OLEIROS	OLEIROS	ADMINISTRACIÓN LOCAS
75	CONCELLO DE OZA - CESURAS	OZA DOS RÍOS	ADMINISTRACIÓN LOCAS
77	CONCELLO DE PADERNE	PADERNE	ADMINISTRACIÓN LOCAS
84	CONCELLO DE SADA	SADA	ADMINISTRACIÓN LOCAS
125	CONCELLO DE CURTIS	CURTIS	ADMINISTRACIÓN LOCAS
126	CONCELLO DE SOBRADO	SOBRADO	ADMINISTRACIÓN LOCAS

## SECTOR INSTITUCIONAL

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
4	COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS TÉCNICOS INDUSTRIALES DE A CORUÑA (COETICOR)	A CORUÑA	SECTOR INSTITUCIONAL
6	FUNDACIÓN PARA O AVANCE CIENTÍFICO DA VETERINARIA EN GALICIA	A CORUÑA	SECTOR INSTITUCIONAL
74	CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACION AMBIENTAL GALICIA (CEIDA)	OLEIROS	SECTOR INSTITUCIONAL
110	COLEGIO DE GEOGRAFOS - DELEGACIÓN GALLEGA	SANTIAGO	SECTOR INSTITUCIONAL

## SECTOR AGRARIO, GANDEIRO, COOPERATIVO, E SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA

22	COOPERATIVA AGRARIA PROVINCIAL DE A CORUÑA, S. COOP. GALEGA	ARTEIXO	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
27	LUPULO TECNOLOGÍA DE GALICIA, S. COOP. GALEGA (LUTEGA)	BERGONDO	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
33	ASOCIACIÓN DE COSECHEROS DEL VINO DE BETANZOS	BETANZOS	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
34	ASOCIACION SECTORIAL DE VITICULTORES E ADEGUEIROS DE BETANZOS E COMARCA	BETANZOS	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
35	SINDICATO LABREGO GALEGO	BETANZOS	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
62	C.M.V.M.C DE CASTELO	CULLEREDO	SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA
68	C.M.V.M.C. EL RAÑO	IRIXOA	SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA
91	ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE LA INDUSTRIA 1ª TRANSFORMACIÓN DE LA MADERA DE LA CORUÑA	SANTIAGO	SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA
101	ASOCIACION PANADEIROS DE CARRAL	CARRAL	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
114	COMUNIDADE VECIÑAL MONTE DE SAN ANTÓN	IRIXOA	SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA
115	"RIO LAMBRE" SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	IRIXOA	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
119	ASOCIACIÓN AGROALIMENTARIA DO EUME	AS PONTES	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
132	ASOCIACIÓN AFRUGAL	BERGONDO	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
137	C.M.V.M.C "XALO"	CULLEREDO	MESA SECTORIAL AGRARIA, GANDEIRO, FORESTAL E DA MADEIRA

## MESA SECTORIAL DE ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
20	VAL DE ARANGA ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA	ARANGA	ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
36	CLUB HAN'S HORANG-I	BETANZOS	ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
49	ASOCIACION CULTURAL CULTURA ABERTA DE CARRAL	CARRAL	ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
52	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CUTIÁN	CESURAS	ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
57	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "SAN MARTÍN DE SÉSAMO"	CULLEREDO	ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
58	ASOCIACION RECREATIVA E CULTURAL "O CRUCEIRO DE CELAS"	CULLEREDO	ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
59	ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA SAN COSME	CULLEREDO	ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
67	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN TIRSO DE AMBROA	IRIXOA	ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
70	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "A IRMANDADE DE BEMANTES"	MIÑO	ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
76	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CIS	OZA DOS RÍOS	ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
79	ASOCIACION DE VECIÑOS PARROQUIAL SANTA MARÍA DE SOUTO	PADERNE	ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
80	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SAN PANTALEON DAS VIÑAS	PADERNE	ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
81	ASOCIACION DE VECIÑOS "SAN ESTEBO DE QUINTAS"	PADERNE	ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
83	ASOCIACIÓN CULTURAL LIBRE DE PADERNE ROXIN ROXAL	PADERNE	ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
96	CENTRO CULTURAL DEPORTIVO DE XESTOSO-CAMBÁS	ARANGA	ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
97	CONSELLO DE ANCIÁNS DE XESTOSO-CAMBÁS	MONFERO	ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS

103	ASOCIACION DE VECIÑOS "ANDURIÑA DE CALLOBRE"	MIÑO	ASOCIACIONS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
105	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ANTÓN DE DEXO	OLEIROS	ASOCIACIONS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
107	ASOCIACION DE VECIÑOS ALBEIRO DE VELOUZAS	PADERNE	ASOCIACIONS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
111	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "SAN PEDRO DE CAMBÁS"	ARANGA	ASOCIACIONS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
112	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "SAN ESTEBAN DE MORÁS"	ARTEIXO	ASOCIACIONS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
117	ASOCIACION RIO LAMBRE DE VECIÑOS PONTE DO PORCO - MIÑO	MIÑO	ASOCIACIONS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
121	ASOCIACIÓN CULTURAL A FULIADA	BETANZOS	ASOCIACIONS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
130	ASOCIACIÓN VEDOREIRA	PADERNE	ASOCIACIONS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
133	ASOCIACIÓN CAMIÑO DOS BROZOS	CURTIS	ASOCIACIONS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS

## MESA SECTORIAL DE ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
2	ASOCIACION MARINEDA DE JÓVENES EMPRESARIOS	A CORUÑA	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
3	FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ASOCIACIONES COMARCALES DE EMPRESARIAS, PROFESIONALES Y EMPRENDEDORAS DE A CORUÑA (FEDACEPE)	A CORUÑA	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
23	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DEL POLÍGONO DE SABÓN - ARTEIXO	ARTEIXO	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
29	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE BERGONDO	BERGONDO	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
42	ASOCIACION DE EMPRESARIOS/AS DE CAMBRE	CAMBRE	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
55	ASOCIACION DE EMPRESARIOS POLIGONO DE COIRÓS	COIRÓS	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
60	ASOCIACION EMPRESARIOS DE CULLEREDO	CULLEREDO	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
61	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE CULLEREDO	CULLEREDO	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
99	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (ACEBE)	BETANZOS	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
104	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE MIÑO	MIÑO	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
118	FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES EMPRESARIALES DE AS MARIÑAS	CULLEREDO	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS

## MESA SECTORIAL COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
7	ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTALES (APEM)	A CORUÑA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
8	ASOCIACIÓN APRONAGA	A CORUÑA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
9	ASOCIACIÓN DE PADRES PARA LA FORMACIÓN DE JÓVENES LÍMITE	A CORUÑA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
10	FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MINUSVÁLIDOS DA PROVINCIA DE A CORUÑA (COGAMI-CORUÑA)	A CORUÑA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
11	ASOCIACION ECOS DO SUR (ONG)	A CORUÑA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
43	FUNDACIÓN INDALI	CAMBRE	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
44	LIMCO, S. COOP. GALLEGA INTERES SOCIAL	CAMBRE	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
63	ASOCIACIÓN MESTURA PARA LA INTEGRACIÓN SOCIAL DE LOS INMIGRANTES Y EMIGRANTES	CULLEREDO	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
85	ASOCIACIÓN DE PARAPLÉJICOS Y GRANDES MINUSVÁLIDOS DE GALICIA (ASPAYM GALICIA)	BERGONDO	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
86	ASOCIACION DE PADRES DE PERSONAS CON PARALISIS CEREBRAL (ASPACE)	SADA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
108	ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN, ATENCIÓN AS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN POR RAZÓNS FÍSICAS, SOCIAIS, ECONÓMICAS OU CULTURAIS."INCLUSION"	SADA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
120	ASOCIACION DE PAIS DE PERSOAS CON TEA DA PROVINCIA DA CORUÑA (ASPANAES)	A CORUÑA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
134	ASOCIACIÓN BENÉFICA RENACER	A CORUÑA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
138	CENTRO PAI MENNI	BETANZOS	COLECTIVOS DE ACCIÓN SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG
139	AGARIMO	ARTEIXO	COLECTIVOS DE ACCIÓN SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG

## MESA SECTORIAL DE ASOCIACIONS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS E MOCIDADE

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
14	ASOCIACIÓN DE CAZADORES DE ABEGONDO	ABEGONDO	ASOCIACIONS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
46	CLUB CICLISTA DE CAMBRE FRISONOBLE	CAMBRE	ASOCIACIONS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
64	CLUB AGRUPACIÓN DEPORTIVA E TEMPO LIBRE "A PEDROSA"	CULLEREDO	ASOCIACIONS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
82	ASOCIACION O RABO DO GALO	PADERNE	ASOCIACIONS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
94	SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL	SANTIAGO	ASOCIACIONS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
109	ASOCIACION PROTECTORA DE ANIMAIS GATOCAN	SADA	ASOCIACIONS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
122	ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA (ADEGA)	A CORUÑA	ASOCIACIONS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
128	GRUPO NATURALISTA HABITAT	A CORUÑA	ASOCIACIONS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
129	ASOCIACIÓN AMIGOS DE LOS RÍOS DE BETANZOS - ARBE	BETANZOS	ASOCIACIONS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
140	ASOCIACIÓN BRIBESLY HILLS	CAMBRE	ASOCIACIONS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
141	ASOCIACIÓN DE CUSTODIA DO TERRITORIO "BREXA"	CARRAL	ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS E MOZOS

## MESA SECTORIAL DE ASOCIACIONS E COLECTIVOS DE MULLERES

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
15	ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA, CONSUMIDORES Y USUARIOS DE ABEGONDO	ABEGONDO	ASOCIACIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
30	ASOCIACION ELAS	BERGONDO	ASOCIACIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
31	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS "PEDRAS BRANCAS"	BERGONDO	ASOCIACIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
40	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS LIAFAIL	BETANZOS	ASOCIACIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
47	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS ANTONIA DANS	CAMBRE	ASOCIACIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
53	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE CESURAS	CESURAS	ASOCIACIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
88	MEIGAS, ASOCIACION SOCIOCULTURAL DE MULLERES	SADA	ASOCIACIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
98	ASOCIACIÓN DE MULLERES DO CAMPO DE CAMBÁS	ARANGA	ASOCIACIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
116	ASOCIACIÓN DE REDEIRAS DE LORBÉ	OLEIROS	ASOCIACIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
127	AMFAR CAMBRE	CAMBRE	ASOCIACIONS E COLECTIVOS DE MULLERES

## MESA SECTORIAL COFRADIA DE PESCADORES DE SADA

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
89	COFRADIA DE PESCADORES DE SADA	SADA	PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA
106	COFRADÍA DE PESCADORES DE MERA	OLEIROS	PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA
124	CONFRARÍA DE PESCADORES DE MIÑO	MIÑO	PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA
131	GALP SECTOR PESQUEIRO "GOLFO ÁRTABRO SUR"	SADA	PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA

## MESA SECTORIAL SECTOR DE TURISMO E HOSTALERIA

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
25	ASOCIACIÓN DE HOSTALEIROS DE ARTEIXO	ARTEIXO	SECTOR DE TURISMO E HOSTALERIA
123	ASOCIACIÓN DO TURISMO SOSTIBLE DE A CORUÑA	PADERNE	SECTOR DE TURISMO E HOSTALERIA



# Anexo II: Proxectos apoiados pola Medida LEADER na Convocatoria 2019-2020

## PROXECTOS PRODUTIVOS APOIADOS (2019-2020)

---

### CLUB HÍPICO EN FINCA FIGUEROA

**Expediente:** L18-1920-23-0096

**Promotor:** Real Sociedad deportiva hípica de la Coruña

**Concello:** A Coruña

**Investimento:** 1000.355,49€



**Contía subvención:** 29.001,92 €

**Emprego:** consolidación de emprego 33

**Descripción do proxecto:** Na actualidade, esta sociedade está a desenvolver a actividade no municipio de Arteixo e con este proxecto queren crear un novo centro hípico no Concello de Abegondo, moito máis grande que o actual e con mellores instalacións. Tamén van contar con máis boxes para os cabalos, pista de salto para competicións, picadeiro e instalacións adaptadas para o ensino da equitación.

---

### IMPLANTACIÓN DE LOCAL COMERCIAL DESTINADO A MONTAXE DE ESTRUCTURAS E CUBERTAS

**Expediente:** L18-1920-23-0100

**Promotor:** Grupo Spazi Aguasport S.L.

**Concello:** Carral

**Investimento:** 108.127,58€

**Contía subvención:** 49.202,19€

**Emprego:** Creación 1,05 empregos



**Descripción do proxecto:** Este proxecto consiste en crear unha nova sociedade "Grupo Spazi Aguasport S.L." que vai desenvolver a actividade principal de cubrición e montaxe de estruturas, cubertas e cubriconcios nun novo local. Con posterioridade quere absorber a entidade Aguasport Piscinas S. L. xunto cos traballadores da empresa. A empresa Grupo Spazi Aguasport S.L. vai comercializar e instalar equipos de protección solar, arquitectura téxtil, parapluies, ademais de fabricar sistemas de cubrición e pérgolas adaptadas ás necesidades do cliente.

---

## CREACIÓN LAVANDERÍA AUTOSERVIZO EN CURTIS

**Expediente:** L18-1920-23-0107

**Promotor:** Olga Enriquez Corral

**Concello:** Sobrado

**Investimento:** 28.853,22€

**Contía subvención:** 11.058,00€

**Emprego:** Creación de 0,25 empregos e consolidación de 0,75.

**Descripción do proxecto:** Este proxecto consiste na creación dunha lavandería- autoservizo en Teixeiro para dar servizo a todos os ciudadáns do Concello de Curtis. Na actualidade non existe este servizo neste Concello. Este autoservizo consiste en pagar un prezo relativamente baixo por utilizar unhas máquinas de lavado e secado más rápidas e de maior capacidade que as domésticas.



## AMPLIACIÓN DE SERVIZOS E INSTALACIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS NA PANADERÍA DE BERGONDO

**Expediente:** L19-1920-23-0121

**Promotor:** Antonia López Carballeira

**Concello:** Bergondo

**Investimento:** 32.795,00€

**Contía subvención:** 12.799,89€

**Emprego:** Creación de 0,25 de emprego e consolidar 12,64



**Descripción do proxecto:** Esta panadería foi fundada no ano 1.906, sendo unha das más antigas da comarca. Ademais do pan tradicional con trigo autóctono, elaboran pan de espelta, de chía, de multicerais e de pataca. Tamén elaboran e comercializan empanadas galegas con produtos do territorio e repostería variada.

Este proxecto consiste en incorporar novas tecnoloxías na comercialización dos produtos tratando de mellorar a eficiencia neste eido. Na actualidade non contan con TPVs, nin equipos informáticos para a realización destas tarefas, nin para a xestión da empresa.

## CREACIÓN EMPRESA DE REXENERACIÓN E RECICLAXE DE BATERÍAS

**Expediente:** L19-1920-23-0122

**Promotor:** Carlos Varela Cancela

**Concello:** Arteixo

**Investimento:** 76.164,41 €

**Contía subvención:** 33.588,50 €

**Emprego:** Creación 2 empregos, unha muller e un de colectivo desfavorecido



**Descripción do proxecto:** Este proxecto

consiste en recuperar baterías ofrecendo un servizo de reparación ás empresas e aos clientes. Na actualidade existe unha alta demanda de baterías que se irán incrementando debido á tendencia do mercado cara ao eléctrico. Estas actividades están a xerar un alto volume de baterías usadas e contaminantes que non son aproveitadas. Con este servizo redúcese o impacto ambiental e contaminante das baterías, tratando de reutilizar recursos como o litio e o chumbo

## MELLORA DE RESTAURANTE EN COIRÓS

**Expediente:** L19-1920-23-0128

**Promotor:** Carlos Alberto Boado Presas

**Concello:** Coirós

**Investimento:** 50.700,00 €

**Contía subvención:** 23.423,40 €

**Emprego:** Creación de 1,5 empregos e consolidación de 2,42



**Descripción do proxecto:** Con este proxecto quere adaptar o local para obter a categoría de dous garfos. O nome do restaurante é "O Caserío de Tión". Atópase moi preto da área natural de Chelo, considerado unha paisaxe pintoresca ao carón do Mandeo e preto do Concello de Betanzos.

---

## ADQUISICIÓN DE EQUIPO DE ALTA PRESIÓN PARA LIMPEZA, DESATASCOS E PREPARACIÓN DE SUPERFICIES

**Expediente:** L19-1920-23-0130

**Promotor:** HERMANOS PORTO DE PAULA S.L.

**Concello:** Aranga

**Investimento:** 127.095,00€

**Contía subvención:** 60.497,22 €

**Emprego:** Creación de 3 empregos e consolidación de 18,80



**Descripción do proxecto:** Con este proxecto quere ofrecer os seus servizos á industria asteleira naval da contorna para o cal necesita un equipamento adaptado para a limpeza de buques sen necesidade de andamios.

---

## CENTRO OCIO E AVENTURA

**Expediente:** L19-1920-23-0138


**Promotor:** Mundocio Aventura Coruña S.L.U.

**Concello:** Oleiros

**Investimento:** 118.606,27€

**Contía subvención:** 60.497,22€

**Emprego:** Creación de 2.5 empregos e consolidación de 0.92



**Descripción do proxecto:** Con este proxecto, a empresa quere crear un parque de ocio infantil, xuvenil e de adulto nun local que anteriormente foi un parque de ocio infantil. O local onde se vai instalar estaba parcialmente ocupado pola anterior empresa (existe no local un espazo moi grande baleiro que non foi utilizado anteriormente e que se quere adaptar para efectuar a maior parte das actuacións deste proxecto). Por outra banda quérese incorporar técnicas eficientes de baixo consumo enerxético incorporando a bomba de calor para a climatización do local e un teito translúcido para aproveitar a luz natural.

---

## PROXECTOS NON PRODUTIVOS(ENTIDADES PRIVADAS)

---

### AMPLIACIÓN E MELLORA DE CENTRO DE ACOLLIDA DE ANIMAIS II

**Expediente:** L18-1920-23-0072

**Promotor:** Asociación Protectora de Animais GATOCAN

**Concello:** Coirós

**Investimento:** 66.310,93 €

**Contía subvención:** 33.155,47 €

**Descripción do proxecto:** Este proxecto consiste na construcción de tres novas gateiras e o pechamento dun novo recinto onde se instalará unha das gateiras. Na actualidade, Gatocan dispón de sete patios diferenciados para albergar aos gatos. En dous destes espazos se quere instalar dúas gateiras (1 gateira en cada espazo). Por outra banda a entidade promotora quere crear un oitavo patio onde se instalará a terceira gateira.



### AMPLIACIÓN E MELLORA DO CENTRO DE ACOLLIDA DE ANIMAIS III

**Expediente:** L18-1920-23-0076

**Promotor:** Asociación Protectora de Animais GATOCAN

**Concello:** Coirós

**Investimento:** 13.465,34 €

**Contía subvención:** 6.732,67 €

**Descripción do proxecto:** Este proxecto consiste na construcción dun pequeno local con pes semellantes a un horreo para almacenamento do alimento dos cans e gatos. Ven a necesidade de contar con este pequeno local, xa que ao estar no campo, os ratos de campo estragan os alimentos e non chegan en boas condicións aos seus destinatarios. Este almacén vaise colocar nun recinto próximo, gardando certa distancia das construcións que albergan animais para facilitar a súa distribución.



---

## MELLORA AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA DO MONTE VECIÑAL DE SAN ANTÓN NO MONTE DAS MOAS.

**Expediente:** L19-1920-23-0131

**Promotor:** Comunidade veciñal Monte de San Antón

**Concello:** Irixoa

**Investimento:** 44.696,19 €

**Contía subvención:** 40.226,57 €



**Descripción do proxecto:** Con este proxecto, a Comunidade de Montes man común de San Antón quere mellorar o Monte das Moas para o uso dos veciños da parroquia de Mántaras (Irixoa) ambiental e paisaxisticamente. Santa María de Mántaras é unha parroquia que se atopa no oeste do municipio de Irixoa e que pertence á comarca de Betanzos

---

## PROXECTOS NON PRODUTIVOS(ENTIDADES PÚBLICAS)

---

### AMPLIACIÓN DO LOCAL OMIX EN ARANGA

**Expediente:** L19-1920-23-0123

**Promotor:** Concello de Aranga

**Concello:** Aranga

**Investimento:** 48.400,00 €

**Contía subvención:** 24.200,00 €



**Descripción do proxecto:** O proxecto consiste na adaptación dun local que conta cunha pequena biblioteca municipal de pouco uso por parte dos nenos e mozos da localidade. Quérese optimizar este local ubicando a OMIX, e incrementando o espazo de información, formación e participación da mocidade deste Concello. Esta ampliación vai permitir ofertar novos servizos aos mozos, aumentar as relacións entre a xuventude e fomentar o asociacionismo. Estas actuacións poden dar lugar a un incremento da participación, deste sector da poboación, na vida social e política.

---

---

## AMPLIACIÓN CENTRO SOCIAL LENDOIRO -CECEBRE

**Expediente:** L19-1920-23-0133

**Promotor:** Concello de Cambre

**Concello:** Cambre

**Investimento:** 35.257,79 €

**Contía subvención:** 24.680,45 €



**Descripción do proxecto:** O proxecto consiste na ampliación dun centro social que é utilizado polas asociacións da parroquia de Cecebre e Clubs Deportivos. No período 2017-2018, a Entidade Local do Concello de Cambre, habilitou a planta baixa coas axudas da medida Leader para ofrecer un servizo ás asociacións da parroquia de Cecebre e dado que tivo moi boa acollida polos cidadáns, queren habilitar o primeiro andar deste local para ampliar as actuacións e mellorar o servizo.

---

A close-up photograph of a woven basket overflowing with fresh vegetables. The basket contains several large, round beets with their green leafy tops still attached. Some beets are a deep red color, while others are orange. A few carrots are visible, adding to the variety of produce. The vegetables are washed and appear ready for cooking or eating.

# RESULTADOS ECONÓMICOS

## OS NOSOS INGRESOS

Resumo da nosa conta de resultados exercicio anual rematado o 31 de decembro de 2019

	2019		2018	
	Importe	% Distribución	Importe	% Distribución
Actividade propia	48.234,34€	11,22%	27.974,55€	7,73%
Ingresos financeiros	0€	0%	0€	0%
Outros ingresos da actividade	11.662,93€	2,71%	300,89€	0,10%
Subvencións e proxectos	319.130,04€	74,22%	301.138,09€	83,30%
Subvencións de capital traspasadas ao excedente do exercicio	12.963,46€	3,01%	13.084,32€	3,62%
Cotas asociados	38.000€	8,84%	19.000,00€	5,25%
<b>TOTAL</b>	<b>429.990,77€</b>	<b>100%</b>	<b>361.497,85€</b>	<b>100%</b>

## OS NOSOS GASTOS

	2019		2018	
	Importe	% Distribución	Importe	% Distribución
Amortizacións	15.719,13€	3,70%	17.156,26€	4,80%
Custo de persoal	237.309,91€	55,87%	223.759,80€	62,62%
Outros gastos da actividade *	170.711,96€	40,19%	115.856,47€	32,43%
Gastos financeiros	1.020,88€	0,24%	541,52€	0,15%
<b>TOTAL</b>	<b>424.761,88€</b>	<b>100%</b>	<b>357.314,05€</b>	<b>100%</b>

\* Inclúen gastos asociados aos proxectos desenvoltos (Grupos Operativos, Animación e Formación, Medida LEADER 2014-2020, Proxecto LIFE Fluvial, Proxecto LIFE Water Way, Xeodestino, Ruritage, Premio Matisse e programas de educación ambiental).

Esperamos as túas  
suxestións



**Calquera opinión ou comentario en relación a  
esta memoria ou a calquera temática vinculada  
co traballo da Asociación é más que benvida!  
Podes escribirnos ao endereço electrónico  
[info@marinasbetanzos.gal](mailto:info@marinasbetanzos.gal) ou facernos unha  
visita en:**

**Asociación de Desenvolvemento Rural  
Mariñas-Betanzos**

**San Marcos, s/n (Antiga Cámara Agraria, 1º  
andar)**

**CP 15318**

**Abegondo, A Coruña**

**981 669 541**

**[info@marinasbetanzos.gal](mailto:info@marinasbetanzos.gal)**

**[www.marinasbetanzos.gal](http://www.marinasbetanzos.gal)**





Fondo Europeo Agrícola de  
Desenvolvemento Rural:  
Europa inviste no rural

